

## As organización sindicais CIG, CCOO e UGT péchanse na Consellaría de Educación

**Reclaman a convocatoria urxente da Mesa Tripartita do Ensino concertado que leva dous anos sen convocarse. Úrxelle un Acordo de Mantemento de Emprego que evite a destrución de postos de traballo**



**No día de hoxe as tres organización sindicais presentaron por rexistro unha proposta para acadar un Acordo de Mantemento de Emprego que resolvería o problema de moitas persoas traballadoras e centros educativos, sen apenas incremento do orzamento respecto ao do curso pasado.**

**A evolución da natalidade está reducindo ano a ano a matrícula nos centros educativos. Moitos comezan a ter dificultades e a 17 acaban xa de comunicarlle o peche de unidades. A tendencia á baixa da natalidade durante a última década, acelerouse nos anos 2020 e 2021. O panorama vai ser anda máis sombrío para os vindeiros cursos, cando os nacidos neses anos se incorporen ás aulas.**

## Resolver o problema mellorando a calidade do ensino

Sostemos que esta situación de descenso da natalidade, pode e debe ser aproveitada para avanzar na mellora da calidade do sistema educativo. A nosa proposta recolle medidas efectivas para resolver o problema. Sen incrementar o orzamento educativo, pódese abordar a redución das ratios alumnado/unidade no ensino. Esa medida permitiría mellorar a atención ao alumnado, maior cohesión, favorecería a inclusión e o traballo colaborativo, etc. das que a nosa educación anda necesitada. Outras medidas que propomos (e que xa se dan noutras Comunidades) como a reposición da xubilación parcial, o incremento da dotación horaria aos centros que recolocan, a obrigatoriedade das patronais de acudir á bolsa de contratación, a redución da xornada lectiva, contribuirán sen dúbida a mellorar a calidade do ensino e a resolver o problema do persoal traballador e das empresas.

## A Consellaría ten a obriga de dialogar e negociar


As organizacións sindicais UGT, CCOO e CIG reclamámoslle á Consellaría de Educación que, diante dunha situación altamente preocupante, se sente a negociar cos traballadores dos centros concertados, algo que leva sen facer nos 12 últimos anos. Preocúpanos que, unha vez máis, a Consellaría opte por aplicar medidas de recorte. Levámoslle solicitado con máis insistencia ca éxito que se sente cos axentes sociais. A súa xordeira empúrranos a medidas máis contundentes que se incrementarán se non obtemos ese mínimo que se espera dun

gobierno democrático: o diálogo cos axentes sociais e a capacidade de chegar a acordos.

## Outros rebentaron a unidade sindical

Desafortunadamente, non participamos todas as organizacións sindicais, FSIE, sindicato maioritario do Ensino Concertado, dinamitou a unidade sindical existente e escolleu poñerse debaixo do paraugas da patronal abrazando as súas liñas vermellas a costa dos dereitos dos traballadores. Volverá ser a voz do seu amo reproducindo as consignas e mentres que lle diten e atacando aos que non seguen os ditados da patronal. Curiosa organización sindical que só se mobiliza cando o ordena a patronal e por intereses electorais.

É de recoñecer os comunicados de USO e SNEP aclarando os feitos acontecidos e denunciando a manipulación e mentiras de FSIE.



## OS NOSOS LOCAIS

**SANTIAGO** (Local Nacional)  
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10  
15706 Santiago de Compostela  
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839  
santiago@cig-ensino.gal

**A CORUÑA**  
Rúa Alfonso Molina s/n  
15007 A Coruña  
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735  
acorunha@cig-ensino.gal

**BAIXO MIÑO**  
Praza da Guía 3, Baixo  
36780 A Guarda  
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465  
baixomiño@cig-ensino.gal

**MORRAZO**  
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1  
36947 Cangas  
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987  
morrazo@cig-ensino.gal

**FERROL**  
Rúa Eduardo Pondal 41-43  
15403 Ferrol  
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760  
ferrol@cig-ensino.gal

**LUGO**  
Ronda da Muralla 58, 2º Andar  
27003 Lugo  
☎ 982 245 023 / Fax 982 253 891  
lugo@cig-ensino.gal

**OURENSE**  
Parque de San Lázaro 12, 4º  
32003 Ourense  
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855  
ourense@cig-ensino.gal

**PONTEVEDRA**  
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda  
36002 Pontevedra  
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050  
pontevedra@cig-ensino.gal

**A MARIÑA**  
Avenida de Galicia 20, 1º  
27700 Ribadeo  
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593  
amarinha@cig-ensino.gal

**VAL DE MONTERREI**  
Rúa Pedro González 5, 1º  
32600 Verín  
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013  
verin@cig-ensino.gal

**VIGO**  
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo  
36205 Vigo  
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844  
vigo@cig-ensino.gal

**SALNÉS**  
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º  
36600 Vilagarcía  
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323  
salnes@cig-ensino.gal